

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. Esta lei, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación básica de protección do ambiente, ten carácter básico, excepto a disposición adicional segunda, e sen prexuízo do disposto no punto seguinte.

2. Teñen así mesmo carácter básico, ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, os artigos 5.1.j) 12.3 e 19.

Disposición derradeira segunda. *Adecuación dos parques nacionais existentes a esta lei.*

As administracións públicas adoptarán, nun prazo máximo de dez anos a partir da aprobación desta lei, as medidas precisas para adecuar a situación dos parques nacionais xa declarados á entrada en vigor desta lei ás determinacións contidas nos seus artigos 9 e 13, coa excepción do relativo ás superficies mínimas establecidas no artigo 9.1.c) as administracións públicas promoverán a celebración de acordos voluntarios nos casos en que a adecuación afecte dereito de terceiros.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do previsto nesta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

SISTEMAS NATURAIS ESPAÑOIS

1. Sistemas naturais terrestres españois que se representarán na Rede de Parques Nacionais

Matos supraforestais, pasteiros de alta montaña, estepas leñosas de altura e cascalleiras.

Formas de relevo e elementos xeolóxicos singulares do macizo Ibérico e as cordilleiras alpinas.

Formacións e relevos singulares de montaña e alta montaña.

Sistemas naturais singulares de orixe glaciaria e periglaciaria.

Sistemas naturais singulares de orixe kárstica.

Bosques mixtos atlánticos do piso colino ou montano.

Carballeiras, faiais e bidueirais.

Caxigueiras e bosques de cerquiños.

Acíñeirais, carrascais, sobreirais e oliveirais bravos.

Bosques de abetos e pinsapais.

Piñeirais, sabinais e cimbráis.

Garrigas xerófilas mediterráneas.

Estepares mediterráneos, espartais e albardinais.

Sistemas e formacións asociadas ás bacías terciarias continentais e mariñas.

Zonas desérticas costeiras e de interior.

Bosque de laurisilva.

Monte verde de faial-uceira.

Tabaibais-cardonais e outras formacións termomacaronésias.

Cursos de auga e bosques de ribeira.

Canóns fluviais sobre relevos estruturais.

Depósitos e formas con modelaxe singular de orixe fluvial e eólica.

Costas, acantilados, dunas e depósitos litorais.

Zonas húmidas e lagoas de alta montaña.

Lagoas halófilas, salgais e xeseiras.

Lagoas de auga doce, carrizais, espadanaís e xunqueiras, e herbeiras de «tabla» con encharcamento temporal.

Zonas húmidas costeiras e marismas litorais.

Sistemas naturais singulares de orixe volcánica.

2. Sistemas naturais mariños españois que se representarán na Rede de parques nacionais

Sistemas asociados a emanacións gasosas submarinas.

Fondos detríticos e sedimentarios.

Bancos de corais profundos.

Fondos de Máerl.

Comunidades coralíneas.

Pradarías de fanerógamas mariñas.

Áreas peláxicas de paso, reprodución ou presenza habitual de cetáceos ou grandes peixes migradores.

Grandes montañas, covas, túneles e canóns submarinos.

Comunidades singulares de grandes filtradores: esponxas, ascidias e briozoos.

Comunidades de algas fotófilas ou laminariais.

Comunidades de substrato duro con poboamentos algares fotófilos ou esciáfilos.

Beirís e escarpas de pendente pronunciada.

Baixos rochosos.

MINISTERIO DE FOMENTO

7114 *REAL DECRETO 394/2007, do 31 de marzo, sobre medidas aplicables aos buques en tránsito que realicen descargas contaminantes en augas marítimas españolas. («BOE» 81, do 4-4-2007.)*

O Parlamento Europeo e o Consello aprobaron o 7 de setembro de 2005 a Directiva 2005/35/CE, relativa á contaminación procedente de buques e á introdución de sancións para facer fronte ás infraccións, cuxa finalidade principal radica na implantación dun abano de infraccións e sancións penais e administrativas, así como dun sistema de medidas coercitivas de policía administrativa que resulten eficaces, disuasorias e proporcionadas.

Isto fundaméntase na constatación do feito de que, tanto o réxime internacional que regula a responsabilidade civil e as indemnizacións por danos debidos á contaminación por hidrocarburos como o que regula a contaminación por outro tipo de substancias prexudiciais, non son suficientemente disuasorias para inducir os axentes involucrados no transporte marítimo destas substancias a pór fin a prácticas contrarias aos convenios internacionais sobre a materia.

A maior parte dos mandatos da Directiva 2005/35/CE están xa expresamente recollidos no noso ordenamento xurídico. Basicamente, no que se refire á lexislación interna, no Código penal aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, no Real decreto 91/2003, do 24 de xaneiro, que aproba o Regulamento polo que se regulan as inspeccións de buques estranxeiros en portos españois, e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora; e, polo que se refire ás normas internacionais, no Convenio internacional para previr a contaminación dos buques ou Marpol 73/78, aprobado pola Conferencia internacional sobre contaminación do mar celebrada do 8 de febreiro ao 2 de novembro de 1973. Este real decreto incorpora ao noso ordenamento xurídico os preceptos da Directiva 2005/35/CE referidos especificamente ao réxime xurídico administrativo da navegación marítima que aínda non foron traspostos.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de marzo de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a implantación de medidas que adoptará a Administración marítima española, en colaboración con outros Estados costeiros, para evitar a descarga de substancias contaminantes en augas marítimas españolas por parte de buques que se encontren en tránsito e a incorporación ao ordenamento interno do previsto nos artigos 3 e 7 da Directiva 2005/35/CE, do 7 de setembro, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á contaminación de buques e á introdución de sancións para as infraccións.

Artigo 2. *Definicións e ámbito de aplicación.*

1. Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) «Marpol 73/78»: o Convenio internacional para previr a contaminación dos buques (1973) e o seu protocolo de 1978, na súa versión actualizada.

b) «Substancias contaminantes»: as reguladas no anexo I (hidrocarburos) e o anexo II (substancias nocivas líquidas a granel) do Marpol 73/78.

c) «Descarga»: calquera derramo procedente dun buque por calquera causa, como se menciona no artigo 2 do Marpol 73/78.

d) «Buque»: todo buque civil que se utilice no medio mariño, incluídos os aliscafos, os aeroesvaradores, os somerxibles e os artefactos flotantes, con independencia do pavillón que enarboren.

e) «Administración marítima»: a Dirección Xeral da Mariña Mercante e, baixo a súa dirección, as capitánías marítimas e a entidade pública empresarial Sociedade de Salvamento e Seguranza Marítima (SASEMAR).

2. Este real decreto aplicarase ás descargas de substancias contaminantes realizadas nas augas territoriais españolas, nos estreitos utilizados para navegación internacional suxeitos ao réxime de paso en tránsito sobre os que España exerza xurisdición, na zona económica exclusiva española e en alta mar, procedentes de todo buque, con independencia do pavillón que enarbore, excepto se se trata de buques de guerra, unidades navais auxiliares ou outros buques que, sendo propiedade dun Estado ou estando ao

seu servizo, presten unicamente servizos oficiais de carácter non comercial.

Artigo 3. *Medidas aplicables aos buques en tránsito.*

1. No suposto de que a Administración marítima española teña coñecemento dunha descarga contaminante efectuada en augas marítimas non interiores e o buque implicado realice a súa seguinte escala nun porto doutro Estado membro da Unión Europea, a Administración marítima española e a do Estado reitor do porto de que se trate cooperarán estreitamente no que atinxe a realización de inspeccións e a adopción das medidas de policía e calquera outra que puidese resultar pertinente, segundo o previsto no artigo 17 do Regulamento polo que se regulan as inspeccións de buques estranxeiros en portos españois, aprobado polo Real decreto 91/2003, do 24 de xaneiro, no artigo 4 do Marpol 73/78 e, en xeral, na normativa internacional que resulte de aplicación.

No caso de que o buque realizase a súa seguinte escala nun porto dun Estado non comunitario, a Administración marítima española solicitaralle ao Estado reitor dese porto que emprenda as actuacións adecuadas en relación coa citada descarga.

En calquera dos dous supostos deberase informar o Estado do pavillón do buque.

2. Cando existan probas concluíntes de que un buque que navegue polo mar territorial español ou por augas situadas na zona económica exclusiva española efectúese unha descarga contaminante que supoña ou poida supor un prexuízo considerable para os recursos naturais destas augas ou ben para a costa ou os bens a ela vinculados, a Administración marítima española adoptará as medidas de policía necesarias, incluída, se é o caso, a detención do buque, para a tutela dos ditos bens xurídicos e iniciará, se proceder, o oportuno expediente sancionador ou ben remitiralle as actuacións ao Ministerio Fiscal, debendo informar, en todo caso, o Estado do pavillón do buque. Todo isto de conformidade coa parte XII, sección 7, da Convención das Nacións Unidas sobre o dereito do mar de 1982.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

O ministro de Fomento ditará as disposicións que resulten necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante e abandeiramento de buques.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2005/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de marzo de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA